



*Cine Galego*

**PROXECCIÓN DA CURTAMETRAXE**

**“MATRIA” DE ÁLVARO GAGO**

**VENRES, 29 DE MARZO DE 2019 - 20:30 HORAS**

**AUDITORIO MUNICIPAL DE VILALBA**

**Ao remate de MATRIA, proxectarase “RETALLOS CHAIREGOS” de BENIGNO MAYÁN**



O vindeiro venres, 29 de marzo de 2019, ás 20:30 horas, no Auditorio Municipal de Vilalba, o Instituto de Estudos Chairegos, en colaboración con Concello de Vilalba, organiza unha nova proxección de cine galego coa curtametraxe **MATRIA** do director **Álvaro Gago**.

Así mesmo, ao remate desta curtametraxe, proxectarase **“RETALLOS CHAIREGOS”**, de **Benigno Mayán**, con personaxes e paisaxes da Terra Chá dos anos 60.

*“MATRIA.- O cinema galego continúa a recoller premios alá onde vai. Nesta ocasión foi a curtametraxe **Matria**, dirixida por **Álvaro Gago**, quen trouxo para Galiza un novo galardón. A fita resultou gañadora na 47ª edición do Festival Alcine, que tivo lugar esta fin de semana en Alcalá de Henares (Madrid). **Matria** non só se fixo co premio á mellor curta, tamén foi premiada Francisca Iglesias Bouzón polo papel de Ramona. O pasado mes de outubro, o filme xa se fixera co galardón á mellor curta na Semana Internacional de Cine de Valladolid, Seminci. O director vigués narra na curta a historia de Ramona, unha “heroína anónima” que traballa nunha conserveira. Unha vida que é igual a de tantas mulleres “cunha determinación tremenda”, mulleres que “cultivan moito os seus tesouros, que teñen a ver coa familia”, “mulleres loitadoras, mulleres que son perfecto exemplo do mito do matriarcado”, pon de manifesto **Álvaro Gago**, que creou a curta co fin de “darlles voz ás mulleres silenciadas que soportan e calan”. Após o pase por Cineuropa, **Matria** recalará no Festival Internacional de Cine de Verín e en San Sadurniño, dentro do programa “En negro contra as violencias”. Tamén estará presente no festival de curtas de Zubroffka (Polonia) e nos certames de Cartagena e Aguilar del Campo (España).” [Sermosgaliza.gal](http://Sermosgaliza.gal)*

**Matria**

Dirección e Guión: **Álvaro Gago**  
 Empresa produtora: **Sombriza Films , Ringo Media**  
 Producción: **Álvaro Gago, Alberto Gago, José Gago , Mireia Graell**  
 Fotografía: **Lucía C. Pan**  
 Edición: **Álvaro Gago**  
 Son: **Sound Troop**  
 Dirección artística: **Alba Aguiar**  
 Intérpretes: **Francisca Iglesias Bouzón**  
 Duración: **20:22**  
 Formato: **Digital**  
 Diálogos: **Galician**

**RETALLOS CHAIREGOS:**

Autor: **Benigno Mayán**  
 Data: anos 60  
 Duración: uns 30'  
 O 90% das imaxes son de Vilalba:

- Paisaxes
- Feiras
- Persoas
- Edificios
- Construcións...

